



Plan CAMGAL

SOLICITUDE DE APOIO AOS TRABALLOS DE RETIRADA DE PELLETS PLÁSTICOS DAS PRAIAS POR PARTE DOS CONCELLOS

COMO SOLICITAR APOIO

O Concello que desexe solicitar o apoio dos servizos habilitados pola Xunta de Galicia para o apoio á retirada e/ou limpeza dos seus areais pode canalizar a súa petición a través de dúas vías:

- Chamando ao 112
- A través do Sistema de Información Ambiental de Galicia, ben telefónicamente 981-541733 ou ben a través de correo electrónico informacion-ambiental@xunta.gal

QUE APOIO SE PODE SOLICITAR

A Xunta ten habilitado dúas liñas de apoio aos Concellos:

- A retirada de pellets recollidos por persoal do Concello o entidades/persoas voluntarias
- A limpeza dos seus areais

COMO SE PROCESA A SOLICITUDE

Diariamente o equipo coordinador dos traballos de limpeza/retirada procesará as peticións recibidas a través de calquera das dúas vías sinaladas e planificará as datas para realizalos.

QUE DEBE PROPORCIONAR O CONCELLO

O Concello debe informar de qué tipo de actuación desexa.

No caso de retirada de pellets recollidos por conta propia o mediante voluntariado, o Concello debe informar da localización do acopio (contedor/local de almacenamento) e cantidade aproximada que deberán situarse en lugares de uso público habilitados para tal fin.

No caso de limpeza de areais, o nome e situación dos mesmos e informar se ten constatada a presenza dos pellets.

En calquera dos dous casos, o Concello debe proporcionar unha persoa de contacto para os equipos de limpeza.